

“En la ciudad ya no se sabía demasiado de qué lado estaba verdaderamente el miedo”

Julio Cortázar

Non é un pesadelo. Todo é real. A noite encheuse dun berro interminábel que espertou as ratas engordadas nas covachas. Os gatos domesticados polo malicia non saíron dos portais. A xente desarmada polo medo corría polas esquinas cara a un refuxio que só existía na imaxinación. O pensamento había tempo que perdera o norte, e a conciencia en modo contemplativo seguía á espera do mellor ofertante.

Un medoñento amencer saíu á caza do destino que se axitaba, rabioso, nas rúas negras e baleiras da cidade, á procura do último raio de sol que fuxía de si mesmo nun lacerante abandono, sen tempo de despedirse do mundo que acababa de dar a primeira sacudidura para a súa destrución.

Sentiu que a noite o empurraba a un oco sen fondo, as palabras chocaban unhas contra as outras, nun delirante murmurio entre o soño e a realidade. Repetían unha e outra vez que non se podía facer nada, as ratas estaban por todas partes, tamén na linguaxe.

Ao peirao chegaban barcos e barcos cargados de alimarias, cada vez máis esvaradías. Era difícil serpealas, metíanse por todas as partes do corpo. Tiñan a misión de ocupar a mente dos cidadáns coa lei do amo: ser escravos, colonos ou lacaios.

A rebeldía arriscouse unha vez máis a abrir camiño entre os restrollos sen mirar atrás, tampouco mirou ao alto, sabía pola historia que o ceo tampouco era moito de fiar.